



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA TRECE DE XANEIRO DO DOUS MIL CINCO.**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS**

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D<sup>a</sup>. María Rebeca Fernández Martínez, D<sup>a</sup>. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D<sup>a</sup>. Marta Pérez Lage, D<sup>a</sup>. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

**SECRETARIA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trece de xaneiro do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL  
DAS NSPM NA ZONA DE CHAVÍN.**

Polo Sr. Alcalde dáse lectura do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, na sesión celebrada o día 30 de decembro do 2004, indicando que se recibiu un escrito da Dirección Xeral de Obras Públicas, no que consta informe desta que existe unhas modificacións de planos deste documento, o cal, textualmente, dí.

**“INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS Á  
MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE  
PLANEAMENTO DO CONCELLO DE VIVEIRO, PARQUE EMPRESARIAL  
DE CHAVÍN, APROBACIÓN INICIAL.**

Á referida modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do concello de Viveiro ten por obxecto a creación dun área industrial na parroquia de Chavín, nas proximidades do núcleo rural de Chaos, que permita ampliar o solo industrial de dito concello, tanto o xa existente coma o incluído no Plan Sectorial de Áreas Industriais de Galicia e declarado de incidencia supramunicipal polo Consello da Xunta en Landrove. Deste xeito, se cambia a clasificación de Solo Non Urbanizable Normal a Solo Urbanizable Non Delimitado de uso global industrial.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Dito parque empresarial afecta á estrada **LU-161 Landrove (LU-540)-Ferreira do Valadouro (LU-861)** pertencente á Rede Secundaria de estradas da Xunta de Galicia, mediante a realización dun novo acceso a través dunha glorieta coa referida estrada.

Dado que a glorieta proposta está fora dunha zona urbana; non é adecuado dispoñer dunha conexión que dea a mesma prioridade ao tráfico principal que ao tráfico secundario de acceso ao parque empresarial, obrigando a todos os vehículos que discurran pola estrada a deterse no ceda o paso de entrada á glorieta. A solución proposta só estaría xustificada se os tráfico foran similares. Por tanto, a citada glorieta deberá substituírse por unha intersección en T dotada de cuñas de aceleración e deceleración, así como de carrís centrais para o xiro á esquerda.

Por todo isto, esta Dirección Xeral de Obras Públicas **informa desfavorablemente** a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do concello de Viveiro, referida ao Parque Empresarial de Chavín, que deberá ser corrixida nos seguintes puntos:

- A inclusión dunha intersección coa estrada LU-161 en T dotada de cuñas de aceleración e deceleración e dun carril central para o xiro a esquerda, que substitúa á glorieta prevista.
- Todos os terreos necesarios para executar a referida intersección deberán estar adscritos ao área obxecto desta modificación puntual, para que sexa desenvolvida a través do Correspondente Plan de Sectorización.”

Engadindo, o Sr. Alcalde, que se reuniron cos redactores do Plan e comprometéronse a incorporar as modificacións esixidas pola dita Dirección Xeral; propondo, a seguir, se aprobe provisionalmente a modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal na zona de Chavín, coa inclusión do esixido no referido informe.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, en primeiro lugar, o Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que se manifesta conforme coa proposta e, seguidamente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño que formula a seguinte pregunta: ¿por que agora non serve esa rotonda?, contestándolle o Sr. Alcalde que non é recomendable que o Concello entre nunha dinámica de reclamar un cambio.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), o que supón a maioría absoluta legal do número dos mesmos, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente a modificación puntual das NSPM na zona de Chavín, coa inclusión, na documentación de dito expediente das correccións esixidas pola Dirección Xeral de Obras Públicas, Subdirección Xeral de Estradas, que a seguir dín:



“A inclusión dunha intersección coa estrada LU-161 en T dotada de cuñas de aceleración e deceleración e dun carril central para o xiro á esquerda, que substitúa á glorieta prevista.

Todos os terreos necesarios para executar a referida intersección, deberán estar adscritos ao área obxecto desta modificación puntual, para que sexa desenvolvida a través do correspondente Plan de Sectorización.”

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo ao departamento de Obras e urbanismo, para a tramitación subseguinte, de conformidade co disposto no artigo 85.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**2º.- PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DA CESIÓN DE PANTALÁNS DO PORTO DEPORTIVO DE VIVEIRO Á SOCIEDADE MUNICIPAL UNIPERSONAL “TURVIVEIRO, S. L.”.**

Polo Sr. Alcalde-presidente dáse lectura da proposta que dí:

**“PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DA CESIÓN Á SOCIEDADE UNIPERSONAL “TURVIVEIRO DE PANTALÁNS, NO PORTO DEPORTIVO.**

Este Concello, no seu día, coa tramitación do preceptivo expediente de contratación administrativa, contratou o subministro de pantaláns no Porto deportivo de Viveiro, sufragando o custo destes co cargo aos fondos provenientes do Plan de Excelencia Turística, estas instalacións corresponden aos números 4, 5, 6, así como ao pantalán de recepción, ao destinado ao servizo da Garda Civil do Mar e o que se cedeu, no se día, ao Casino de Viveiro.

Os referidos Pantaláns instaláronse no dito Porto, xestionándose pola Sociedade “TURVIVEIRO, S. L.”; que é a Sociedade Unipersonal de capital integramente municipal constituída por este Concello para a xestión da dita instalación náutico-deportiva.

Por todo isto propónse ao Pleno acorde a formalización da dita cesión, xa que a xestión e actos de disposición sobre esas instalacións veñen sendo levados a cabo –de facto- pola citada Sociedade deste a posta en funcionamento dos ditos Pantaláns.”

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus meus membros (dezasete) acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar á dita proposta e ceder á Sociedade Unipersonal de capital integramente municipal “Turviveiro, S. L.” a propiedade dos pantaláns números 4, 5 e 6, o de recepción, así como o destinado a Garda Civil do Mar, e o que no se día, se cedera ao Casino de Viveiro.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao Presidente de “Turviveiro, S: L.”, ao Xerente de Porto deportivo de Viveiro, así como á funcionaria encargada de Bens e Dereitos municipais ao obxecto que se reflicte no dito documento o contido deste acordo, así como ao departamento de Intervención para a súa constancia na Conta Xeral do Patrimonio.



**3º.- APROBACIÓN DE CONVENIO CO CENTRO COMERCIAL CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO PARA O USO DO SISTEMA DE INFORMACIÓN CARTOGRÁFICA GIS MUNICIPAL.**

Polo Sr. Alcalde-presidente explícase a proposta da que fai un resumo, sinalando que se trata de desenvolver novas tecnoloxías a Internet cunha base cartográfica e GIS, fomentando o acceso á rede de internet municipal.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese unicamente a do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, preguntando polo custo económico e duración, ao que o Sr. Alcalde resposta que inicialmente non o ten, xa que o único será o que resulte de formalizar unha contratación de servizos da páxina web municipal. Indicando que a duración será mentras se utilice o citado sistema.

A seguir, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar o Convenio co Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro para o uso do Sistema de Información Cartográfica GIS Municipal que, literalmente, dí:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO NO DESENVOLVEMENTO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS A INTERNET E OS PUNTOS DE INFORMACIÓN.**

A Alcaldía presenta o convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro no desenvolvemento das novas tecnoloxías aplicadas a Internet e os puntos de información e, en particular, a cesión de uso da base cartográfica e bases de datos do Sistema de Información Cartográfica GIS Municipal.

**Por todo iso solicita ao Pleno municipal adopte o seguinte acordo:**

Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Viveiro e a Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro no desenvolvemento das normas tecnolóxicas aplicadas a Internet e os puntos de información de acordo co seguinte texto:

Dunha parte, D. Melchor Roel Rivas, con NIF nº: 32626871-Z e, doutra, D. Óscar Rodríguez Blanco, con NIF nº 76563232-G

**INTERVEÑEN**

O primeiro, na súa condición de Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Viveiro, e co mandanto outorgado polo Pleno do día 14 de xuño de 2004, asistido pola Secretaria Xeral da Corporación, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez.



O segundo, en nome e representación da “Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro”, con NIF G27294131, con domicilio na Travesía da Marina 29-Ent. 1-D 27850, Viveiro, o cal manifesta que a dita asociación non está inhabilitada para contratar coas Administración Pública ou para obter subvencións das mesmas.

Ambas as dúas partes, tendo e recoñecéndose mutuamente na respectiva condición na que comparecen, capacidade legal para outorgar o representante o presente convenio, libremente o asinan.

### **CLÁUSULAS**

Primeira.- Obxecto.

É obxecto do presente convenio o regulamento de colaboración entre o Concello de Viveiro e a Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro no desenvolvemento das novas tecnoloxías aplicadas a Internet e os puntos de información e, en particular, a cesión de uso da base cartográfica e bases de datos do Sistema de Información Cartográfica GIS municipal.

Segunda.- Obrigas do Concello de Viveiro. O Concello de Viveiro obrígase a:

- Ceder o uso da base cartográfico e bases de datos do seu Sistema de Información Cartográfica GIS no seu apartado do Casco Histórico para o desenvolvemento do Web site da Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro.
- Fomentar o acceso da Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro nas redes de Internet municipais.

Terceira.- Obrigas da Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro. En reciprocidade, esta entidade comprométese a:

- A Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro, comprométese a que as actividades que se desenvolvan a partir da páxina Web do Centro Comercial serán conforme a dereito.
- Facer constar a colaboración do Concello de Viveiro, en toda a propaganda anunciadora das súas actividades que deberá ser en lingua galega, e a incorporar un link desde a súa páxina web que contacte coa web municipal.
- A Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro comprométese así mesmo a que de ser formalizada a rede wireless municipal, o servizo ofertado dende os Puntos de Información Multimedia así como dende a Páxina Web corporativa de dita Asociación terán un carácter público e ofrecerán información xeral.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar a e data da cabeceira.”



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

4º.- **PROPOSTA DE APLICACIÓN DE EXENCIÓN DO 90%,  
CONTEMPLADO NA ORDENANZA, ÁS LICENZAS DE OBRA INSTADAS  
POR COMUNIDADES VECIÑAIS.**

Polo Sr. Alcalde expónse a proposta que consiste na exención do 90% da taxa por licenza de obra naqueles casos nos que se trate de obras instadas por comunidades veciñais e, polo tanto, redunden en beneficio dos veciños en xeral.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, en primeiro lugar, a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, manifestando que non están de acordo con esta proposta pois consideran que estas obras terían que estar exentas de liquidación, pois van a redundar en beneficio do común dos veciños, e xa que o Concello de Viveiro non aporta economicamente cantidade algunha, entenden que non deberían someterse á obriga de liquidar.

En segundo lugar intervén o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, indicando que vai puntualizar dous aspectos diferentes; un del se refire ao que se viña facendo ata agora, no que un veciño xuntabase con outro ou varios e solicitaba unha subvención á Deputación da que, posteriormente, no Concello non constaba a execución da obra nin control respecto ao gasto. Outro aspecto é o que o Concello pretende nestes momentos que supón ter un control sobre as obras que se executan, dí máis con este fin que co recadatorio, e se pregunta, finalmente, ¿que base legal había antes para non cobrar o 100%?.

Contestando o Voceiro do PP que non se atopa en contra de que soliciten unha licenza, pero sí están en contra de que se cobre pola execución das citadas obras, ao que o Voceiro do BNG insiste na necesidade de levar a cabo un control sobre as actuacións en materia de obras.

Finalmente, o Sr. Alcalde dí que os Concellos se regulamentan por unhas ordenanzas e que o modo de efectuar un control dunha obra é mediante unha solicitude na que consten os datos e circunstancias sobre as actuacións a realizar e que a ordenanza só permite unha exención do 90%, ao que o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dí que tamén considera que o control se podería levar a cabo da mesma maneira sen que mediara pagamento ningún.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría, de nove votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, e oito votos en contra (PP), acorda aprobar a dita proposta que dí:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A DECLARACIÓN DE INTERESE SOCIAL  
DAS OBRAS ACOLLIDAS AO PLAN PROVINCIAL COAS COMUNIDADES  
VECIÑAIS.**

A necesidade de que toda obra dispoña da súa licenza correspondente e así evitar situacións irregulares nas que non figura autorización ningunha de supostas obras feitas,



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

de acordo co Concello ou con outras administracións e, tratando de conxugalas co interese social que deben ter as obras acollidas aos Plans Provinciais coas Comunidades Veciñais; esta Alcaldía propón ao Pleno adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar as obras acollidas aos Plans Provinciais coas Comunidades Veciñais como obras de interese social.

2º.- Facultar á Xunta de Goberno Local para a aplicación da dedución do 90% da licenza de obras daquelas solicitudes que reunan o requisito de estar incluídas en ditos Plans; todo isto de conformidade co regulado na Ordenanza Municipal respectiva.”

**5º.- MOCIÓN DO PP DE APOIO PÚBLICO Á CONSTITUCIÓN EUROPEA E REALIZACIÓN DE CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NESTE CONCELLO.**

Polo Sr. Alcalde outorgáselle o uso da palabra ao Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que di que aínda que a moción é presentada polo seu grupo, que non teñen inconveniente en que se algún dos grupos integrantes desta Corporación quere sumarse a ela, cambialo encabezamento da mesma; para a seguir, dar lectura de dita moción.

Intervén en primer lugar o Sr. Alcalde-presidente manifestando que o seu grupo está de acordo co punto da orde do día pero non coa exposición da moción na súa totalidade, xa que consideran que cómpre expresar o apoio ao Tratado, polo que se aproba a Constitución Europea máis que propiamente a esta; polo que non teñen problema en apoiar a ratificación do Tratado e respectar a súa aplicación.

A continuación o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, da lectura da posición do seu grupo que, textualmente, dí:

“POSICIÓN diante da MOCIÓN do PP sobre o APOIO Á CONSTITUCIÓN EUROPEA.

O PP presenta hoxe unha moción no concello de VIVEIRO solicitando a adopción do seguinte acordo: **“Os grupos municipais do concello de Viveiro manifestan públicamente o seu apoio á Constitución Europea e se comprometen a realizar unha campaña de sensibilización no noso concello a favor da súa ratificación, así como a divulgar e informar con todos os medios municipais sobre as ventaxas e beneficios que a aprobación do Tratado da Constitución Europea comporta para o progreso de España e o benestar dos españois”**.

Unha campaña institucional sobre un tema que vai ser sometido a referendun ten que ser unha iniciativa que parta de posicionamentos neutrais e que debe ser realizada pola institución convocante do mesmo.

O BNG sempre defendeu a realización de campañas informativas institucionais que se axustaron a esta definición.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Máis a moción presentada polo PP non se axusta a este criterio, plantexando graves problemas como os que a continuación expoñemos; e, consecuentemente, **o grupo municipal do BNG, debe rexeitala e votar en contra da mesma polas seguintes razóns:**

**1. A moción non mantén posicións neutrais, posto que solicita de xeito aberto o seu apoio á Constitución Europea sen permitir, logo da oportuna campaña e información á cidadanía, que se poida manifestar a favor, en contra ou absténdose. Coártese así a liberdade de opinión.**

**2. Constitúe unha falla de respecto á cidadanía intentar desde unha institución conducir a súa opinión cara unha posición concreta cando a mesma vai ser sometida a referendun. A institución debe ser respetuosa con este proceso e manter unha posición neutral, limitándose en calquer caso a informar sobre o contido do texto que se vai someter a referendun.**

**3. Coarta o debate e a decisión final que adopte a cidadanía, falando exclusivamente da ratificación dun texto cando se trata da súa aceptación ou rexeitamento.**

**4. Se o PP quere facer unha campaña cunha posición tan específica, e tan demagoxicamente laudatoria dun estado de benestar punteiro que nada ten que ver coa situación de Galiza no conxunto do Estado e de Europa, que a paguen como partido político, pois serán os partidos políticos quen fagan a campaña sobre a Constitución Europea en base ás respectivas posicións concretas que decidan defender.**

**5. A difusión e o custo dunha campaña de información sobre a Constitución Europea debe realizala o Parlamento Europeo, ou todas as institucións que dependan do mesmo, ou o goberno do Estado que promove o referendun. Que o noso concello teña que acudir as arcas municipais para sufragar este tipo de gasto, supón unha clara malversación de fondos públicos e a substración de diñeiros que deben ser destinados a obrigas máis perentorias da cidadanía, ademais de suplantando as responsabilidades económicas e políticas doutras institucións.**

**En suma, hai que darlle verdadeira oportunidade aos/ás cidadáns/ás de decidir sobre un tema de tal relevancia.”**

Seguidamente, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, intervéen para dicir que efectivamente vai levarse a cabo un referendun e unha campaña deste que aínda non comezou e que IU-EU quere estar en Europa e que diga algo tamén sobre a masacre que se fai ao pobo palestino, nunha Europa que permite o tráfico nas pateras.

Intervén, novamente, o Voceiro do PP, indicando que o Ministro de Asuntos Exteriores Europeo é o Sr. Solana Madariaga que é socialista e que con este referendun non se está a secuestrar o voto da cidadanía, o que ocorre e que o BNG ten outra idea diferente dunha Constitución Europea, pero non dispón de representación parlamentaria





Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

suficiente para facela valer. E que en España se podería ratificar o tratado da Unión Europea sen necesidade de referéndum, pero que o goberno de España así o decidíu.

En contestación o Sr. Alcalde-presidente puntualiza dúas cuestións: en primeiro lugar que en ningún momento se dí que o Concello faga unha campaña a favor do referéndum, senón que menciona aos grupos municipais e segundo, que trantando dos grupos municipais non teñen inconveniente en votar a favor desta moción.

A seguir o Voceiro, Sr. Rodríguez Guerreiro, expón que o BNG reuniu aos seus afiliados e estudou e debatíu a súa postura, citando, a continuación, a moción do PP onde dí: “Y se comprometen a realizar una campaña de sensibilización en nuestro municipio a favor de su ratificación, así como a divulgar e informar con todos los medios municipales sobre las ventajas y beneficios que la aprobación del Tratado de la Constitución Europea comporta ...”. Indicando, seguidamente, que se o que se pretende é condicionar os votos dos cidadáns de Viveiro, esta moción non debería aprobarse e todo isto sen entrar no que supón o propio Tratado, lembrando, finalmente, que todos os grupos políticos do Congreso dos Deputados estiveron a favor de que se realizara o referéndum, ao que contesta o Voceiro do PP que a Europa que recolle o Tratado, polo que se aproba a Constitución, é naturalmente en función da representación parlamentaria que hai nas institucións europeas, que na súa maioría pertence aos socialistas e populares europeos.

Finalmente, intervén o Sr. Alcalde manifestando que a referencia aos grupos municipais relacionase cos medios municipais a empregar e que non vai defender unha moción que non é do seu grupo, aínda que sinala que esta fala de grupos políticos, non do Pleno e que se está a tratar dunha moción tipo que afecta a aqueles concellos que teñen asinados uns medios materiais e de espazo que neste Concello non se herdaron e eles propiamente non crearon.

Intervén o Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, dí que, evidentemente, o Concelleiro de IU-EU no referéndum votará o que estime conveniente, mesmo que el que votará o que lle pareza.

Nunha intervención efectuada polo Tenente de Alcalde do BNG, D. César Ricardo Naval Parapar, indica que os grupos municipais manifestan a súa opinión, independentemente do que cada un dos integrantes destes decida votar no referéndum.

Finalmente, o Voceiro do PP, Sr. Aja Mariño, puntualiza que a moción non se está a referir a medios económicos do Concello de Viveiro.

Non se producen outras intervencións, e a seguir procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría, de trece votos a favor (PS de G-PSOE e PP) e catro en contra (BNG e IU-EU), acorda aprobar a moción que dí:

“El pasado 29 de octubre, el Capitolio romano fue testigo de la firma del Tratado de la Constitución Europea, culminando un largo y arduo proceso que comenzó décadas atrás. El primer paso en la creación de la Comunidad Europea lo dio el Ministro de Exteriores francés, Robert Schuman, en mayo de 1950, proponiendo un plan Franco-



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Alemania para gestionar e integrar la producción de carbón y acero, que finalizaría en 1951 con la firma del Tratado de París y la creación de la CECA. Con posterioridad y fruto de los acuerdos alcanzados en 1955 en la Conferencia de Messina, el 25 de marzo de 1957 los “seis” firmaron los Tratados de Roma, por los que se creaba la Comunidad Económica Europea (CEE) y la Comunidad Europea de la Energía Atómica (EURATOM).

Otras fechas importantes en el proceso de construcción europea, fueron la aprobación del Acta Única Europea en 1986, el Tratado de Maastrich en 1992, que supuso por primera vez sobrepasar el objetivo económico inicial de construir un mercado común, otorgándole a la Unión una vocación de unidad política. Posteriormente en 1997 se aprueba el Tratado de Ámsterdam y en el año 2001 el Tratado de Niza. La Unión Europea también ha ido ampliando sus fronteras, desde los seis Países firmantes iniciales, (Alemania, Francia, Bélgica, Italia, Luxemburgo y Países Bajos) hasta que, en sucesivas ampliaciones, como la incorporación de España como miembro de pleno derecho en 1986, ha dado lugar a la Unión actual formada por 25 miembros.

Somos conscientes de la lejanía con la que los ciudadanos perciben la política europea y a las instituciones comunitarias, en contraste con el alto porcentaje de decisiones que se adoptan en las instancias comunitarias que afectan directamente a la ciudadanía, sirviéndonos como ejemplo gráfico la fijación de los tipos de interés a través del BCE. La participación en el proceso de construcción europeo, ha permitido un crecimiento económico importante gracias a los fondos comunitarios que ha recibido a lo largo de estos años España. Este hecho ha posibilitado un desarrollo que nos ha colocado a la cabecera en términos de bienestar de los países de la Unión. Por ello, es necesario el compromiso de todas las Administraciones en el ejercicio de concienciación y motivación ciudadana sobre la importancia de formar parte del proceso de construcción europeo, alejándonos de cualquier política aislacionista.

La Constitución Europea a pesar de las diferencias que puedan existir en torno a su letra pequeña, simboliza mucho más que un texto jurídico perfectamente articulado. Significa la participación en un proyecto común basado en la solidaridad entre las diferentes naciones que lo componen, significa la cesión paulatina de la soberanía, esencia fundamental de cualquier nación y supone la integración en el mayor mosaico cultural, lingüístico, ideológico y religioso existente en la actualidad. Además, la Unión Europea supone un gran espacio de libertad y oportunidades, donde la libre circulación de personas nos convierte en ciudadanos en pie de igualdad en cualquier país de la Unión.

Por último, la importancia de la ratificación del Tratado Constitucional es más necesaria si cabe, en nuestro País. La Constitución Europea supone una garantía para aquellos que han luchado y siguen luchando por la pertenencia a un proyecto nacional y europeo, frente a proyectos aislacionistas y localistas. El Texto Constitucional garantiza la integridad territorial de sus Estados miembros, y rechaza cualquier intento secesionista que haga peligrar la vertebración del Proyecto Europeo.

Por todo ello, el Grupo Municipal Popular presenta para su debate y aprobación ante el Pleno, el siguiente acuerdo:

**PRIMERO.** Los Grupos Municipales del Ayuntamiento de Viveiro (Lugo) manifiestan públicamente su apoyo a la Constitución Europea y se comprometen a



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

realizar una campaña de sensibilización en nuestro municipio a favor de su ratificación, así como a divulgar e informar con todos los medios municipales sobre las ventajas y beneficios que la aprobación del Tratado de la Constitución Europea comporta para el progreso de España y el bienestar de los españoles.”

**6º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno. Sinalando, a seguir, que como comprobarían, inclúese a resolución dictada con data 30 de decembro do 2004, na que se declara prorrogado o Orzamento municipal do ano 2004, ata o límite global dos seus créditos iniciais, unha vez axustados á baixa e feitas as incorporacións dos créditos das partidas a que se refire o apartado 1º de dita resolución. Para, seguidamente, indicar que é o primeiro ano, dende 1997, en que non ten ningunha factura para aprobar co novo presuposto que, dí, vai ter un balance positivo, pretendendo aprobar este documento no mes de marzo.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

**ASUNTOS URXENTES.**

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, uns asuntos que non figuran na Orde do día da Sesión, motivado na necesidade de proceder a súa tramitación á maior brevidade, que son:

- “MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA-GARDERÍA.”

- “CONTRATO COA MÚTUA GALEGA SOBRE ELABORACIÓN DO PLAN DE RISCOS LABORAIS”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda a inclusión na Orde do día de dito asunto.

**MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA-GARDERÍA.**

Polo Sr. Alcalde dáse lectura dun informe asinado polo Director do Centro de Servizos Sociais que, textualmente, dí:

“Que o Concello de Viveiro para o mantemento da gardería municipal “Garabatos” acóllese á Orde da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado do 29 de decembro de 2003 que regula as axudas para o mantemento de centros de atención a primeira infancia dependentes das corporacións locais.

No artigo 9 da referida Orde establécese que as corporacións locais que sexan beneficiarias destas axudas deben asumila obriga de tomar coma referencia para as cotas



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

complementarias que aboan os pais, as contías máximas reguladas no Decreto 70/2002, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado.

Que o antedito Decreto establece unhas cotas máximas por asistencia de 110 Euros e unhas reducións tendo en conta a renda da unidade familiar; (polo que a empresa que xestiona a gardería non cobra os 110 Euros en xornada completa ou os 72 en media xornada segundo a súa tarifa de prezos) polo que ve reducida de forma considerable os seus ingresos polo pago de cotas.

Para o mantemento da gardería o Concello recibe unha subvención da Consellería que no ano 2004 ascendeu a 54.018,02.

Para manter o equilibrio financeiro deste servizo o Concello debería compensar á empresa concesionaria coa diferenza dos ingresos percibidos cos ingresos que percibiría senón tivese que facer os descontos que marca o Decreto.

Esta diferenza ao longo do ano 2004 ascende á cantidade de 36.406,43 Euros.”

Indicando, a seguir, que xa se tratou este asunto na Comisión Informativa de Economía e Facenda ao entender que tal e como está o contrato administrativo polo que se adjudicou o servizo se se respectan as bases do concurso á adjudicataria non lle é rendable, polo que propón a modificación cara a manter o equilibrio financeiro coa diferenza dos ingresos percibidos respecto aos prezos que fixa a Xunta de Galicia; polo que se propón a modificación do contrato e facultar á Xunta de Goberno Local para acorda a tramitación do novo contrato.

Prodúcese unicamente a intervención do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dicindo que a empresa adjudicataria aduce que non lle compensa economicamente, senón se modifican as condicións, pero lembra, a seguir, que houbo outra empresa que concorríu á licitación e ofertou outro prezo máis elevado, ao que o Sr. Alcalde resposta que neste momento atópanse nunha situación de feito que existe unha Gardería en funcionamento e que a Xunta determinou, con posterioridade, á adjudicación o importe das matrículas e prezos do servizo, en función das circunstancias de cada neno; polo que agora dí que se está a buscar unha solución cara a que o servizo de gardería continúe prestándose.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda que se leven a cabo os trámites necesarios para a modificación do contrato de prestación de servizo de Gardería, negociando as novas condicións do mesmo, e dar conta ao Pleno da Corporación.

### **CONTRATO COA MÚTUA GALEGA SOBRE ELABORACIÓN DO PLAN DE RISCOS LABORAIS.**

Polo Sr. Alcalde expone que no mes de decembro detectouse que o Concello non dispoñía de Plan de riscos laborais, polo que asinouse coa Mutua Galega, polo prazo dun ano, coa condición de que non se continúe co concerto de accidentes laborais.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda darse por informado.

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Preguntaron nunha ocasión pola reposición das farolas da ponte da Misericordia a Verxeles e dada a dificultade para obter outras iguais, considera poderían reservarse as existentes e deseñar unhas novas.

Polo Sr. Alcalde respóstate que é verdade que son difíciles de atopar unhas iguais e que, en tal sentido, fixo unha proposta o Tenente de Alcalde, D. José Luis Docampo Fortes, asemesmo dí que o Xerente do Plan de Excelencia Turística contactou cunha empresa que cre as pode conseguir e senón tratarán o dito polo PP que xa se indicara polo Sr. Docampo.

2º.- Con respecto ao último tramo de Sacido a Covas e os danos por vandalismo, ¿estase a prever a súa reparación?.

O Sr. Alcalde contesta que está negociando para que alguén asuma o custo, pero que haberá que modificar, dalgunha maneira, a forma das losetas, xa que as existentes son moi doadas de arrancar.

3º.- Na zona aledaña ao parque de Covas hai unhas obras, ¿vai facerse un proxecto peatonal por Costas?, ¿non é un gasto inoportuno?, ¿solicitouse autorización a Costas?.

Responde, o Sr. Alcalde, que se aprobou o Plan de Tráfico de Covas e que o proxecto presentárase a Costas en marzo e transcorrerá un ano, dí, ata a súa execución, aínda que indica que considerando as dificultades dos veciños de Covas para acceder á zona de colexios e polideportivo que se ven obrigados a andar toda a variante, considera que é unha lástima que se ensanche pouco.

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1) Roga se recheen as fochancas do acceso a Barbeito.

2) Roga que se tomen medidas de arranxo da estrada paralela a FEVE, en Vieiro, xa que cando chove é unha piscina, aínda que xa tomou medidas “Aquagest”, os veciños dín que non limparon como é doado.

3) Os veciños de Covas botan de menos en Cantarrana uns peiraos de carga e descarga que se fan necesarios, polo que podería aproveitarse no momento de executar as obras do cambio de circulación do Plan de Tráfico.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

4) Hai tempo fixeronse canalizacións en Viveiro que provocaron atascos de tráfico, polo que roga se fagan nun horario compatible coa circulación.

5) ¿En que situación se atopa a tramitación do polígono de Landrove?.

Engadindo, o Sr. Expósito Mariño, que nunha Xunta Local de Goberno, Costas fixo entrega das obras correspondentes ao primeiro tramo do paseo do Landro, pero indica que a situación deste é moi calamitosa, cons postes eléctricos destruídos, letreiros en distintos idiomas, algúns deles rotos, a rotulación das plantacións tirada no chán e pregunta ¿que solución se lle da a isto?, finalmente, dí, que quizáis a Policía Local debería ir por alí, porque hai xente que sae preconcebida da casa con ferramentas para cometer eses desatinos..

O Sr. Alcalde responde que, respecto ao paseo do Landro, dalle a razón sobre a existencia deses problemas e que desde o grupo de goberno propuxeron que Viveiro fora un punto piloto sobre unificación de Policías, pero dí que, non obstante, el persoalmente non cre que a policial sexa a única solución. Sinalando que, no seu momento, localizouse a través dun dispositivo policial, a seis persoas que se consideran implicadas nos feitos e se propuxeron sancións ás mesmas, pero ten que afirmar que non pode existir un policía para cada un dos lugares onde suceden estes feitos, que aquí se está a tratar dun problema cultural, de respecto e aprecio aos bens públicos e lembra, a continuación, que o día de Ano Vello arrancáronse todas as plantas que existían na Ponte Vella. Afirmando, finalmente, que neste ano na oferta de emprego público, incluíranse tres prazas vacantes de policía local.

Respecto ao asunto do polígono de Landrove, o Sr. Alcalde resposta que o Director do Instituto Galego de Vivenda e Solo comprometeuse para aprobar, dende o dito Instituto, o referido polígono do cal o proxecto se atopa sometido a información pública.

O Sr. Alcalde en resposta á petición de arranxo do acceso a Barbeito, sinala que se está a facer un plan coas asociacións de veciños para acometer ditas obras.

Finalmente, o Sr. Alcalde dí que, en relación coa zona de carga e descarga en Cantarrana que esta se está a facer na estrada xeral ou nas transversais e que se atopa limitado nalgunhas zonas para os camións, aínda que fai constar que existe unha permisibilidade para favorecer ditas actividades.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vintedúas horas, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.